

É obrigatorio cubrir todos os apartados da memoria. No caso de que o espazo sexa insuficiente ou ben queiran ampliála, deberán achegar como documentación adicional, un PDF asinado dixitalmente.

NOME DA ENTIDADE: ANPA “O AREAL” E.E.I DO FERNANDEZ VARELA

NIF: G15170392

CONCELLO AO QUE PERTENCE: A POBRA DO CARAMIÑAL

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 3.280€

SUBVENCIÓN SOLICITADA: 2.624€

TIPO DE ENTIDADE (marcar unicamente unha opción)

A. Cultural

B. Veciñal

C. Educativa **X**

D. Social e/ou
asistencial

CARACTERÍSTICAS E INTERESE CULTURAL DA PROPOSTA

1.Nome do proxecto

Cultivando educación ambiental

As actividades que dende a ANPA “O Areal” imos a desenvolver no ano 2019 van enfocadas a que os nenos reforcen os seus coñecementos sobre o entorno e as medidas posibles para conservalo a través da reciclaxe e das enerxías renovables.

Relación enumerada e detallada das actividades que se van desenvolver e para as que se solicita subvención.

1) Charla URBASER.

A modo de introdución ó coidado do entorno, a compañía global líder en sostibilidade URBASER ofreceuse a dar unha charla ós nenos na escola para familiarizalos coa xestión eficiente de refugallos e a importancia da reciclaxe para conservar o noso medio e as medidas necesarias para reducir o impacto ambiental do lixo xerado.

2) Obradoiro de decoración para o Entroido.

Utilizando diferentes tipos de materiais reciclados levarase a cabo un obradoiro onde poderán facer a decoración para ambientar a escola coa temática escollida polas mestras do centro para os disfraces do alumnado (Robots) .

Aproveitando a sesión, decorarán eles mesmo as zonas comúns da escola e ó rematar haberá unha merenda para repoñer forzas.

3) Festa de Entroido.

Colaboraremos co centro na festa da escola e tamén, xunto coas outras ANPAS da Pobra e o Concello, realizarase (como xa ven sendo costume) unha celebración conxunta onde os nenos poderán desfrutar dos doces típicos do Entroido, xogos populares, inflabéis, música e diversión a esgalla.

4) Saída o cine.

En horario escolar os alumnos desprazaranse ata a sala de cine da comarca para ver algún documental ou película relacionado co medio e enfocado á súa idade. Aínda temos pendente determinar cal será o elixido.

5) Visita ós muíños de Ponte Goiáns.

Aproveitando a cercanía ós muíños tradicionais que hai en Ponte Goiáns levaremos ós nenos a unha saída que ten como misión que coñezan este recurso natural, agora case en desuso, que fai uns anos era tan necesario na vida rural galega. Por un día poderemos ver como se facía a tarefa de moer o millo e escoitar como era a actividade naqueles días.

Ademais poderán comprobar como é posíbel mover motores sen electricidade, utilizando outros tipos de alternativas, neste caso a forza da auga.

6) Conta contos: Raquel Queizás.

Nesta sesión pretendemos que a través das historias de Raquel Queizás, orientadas á natureza e ó entorno galego, os máis pequenos teñan unha visión sinxela do noso medio e se sensibilicen ca importante tarefa de coidalo e respetalo.

7) Visita á granxa APIPOLIS

A granxa APIPOLIS situada en Santo Andrés de Xeve (Pontevedra) pareceunos o exemplo idóneo para mostrarlle ós cativos a importancia que teñen para nos e para o medio no que nos desenvolvemos certos elementos da natureza, como as abellas neste caso, á vez que nos acercaremos en familia a un entorno natural de 10.000 m².

Nesta xornada desfrutaremos dunha visita guiada á exposición e ás distintas actividades, outra ó apiario onde o apicultor nos amosará como se desenvolve a vida na colmea, taller de cociña ca mel, e incluso poderemos gozar dunha fabulosa degustación de produtos elaborados ca mel de fabricación propia.

8) O tesouro da reciclaxe.

Nun dos bosques da nosa localidade deixaremos ó alcance dos nenos diferentes materiais para que podan ir recolectando e clasificando nos distintos colectores de lixo.

Farase a modo de xogo seguindo unha serie de mapas e pistas tipo “*A búsqueda do tesouro*”, onde unha vez que consigan recolectar e clasificar correctamente os diferentes materiais obterán unha chave para abrir un cofre que terá dentro un agasallo para todos os nenos, uns libros dos “Bolechas” en relación ca reciclaxe e o medio ambiente.

A idea é seguir coa educación ambiental que reciben nas súas casas e fomentar o xogo en equipo, pois só cando todos os grupos completen a tarefa terán todas as chaves necesarias para que se abra o cofre e así obter o seu tesouro. E remataremos a tarde cunha pequena merenda todos xuntos. .

9) Obradoiro de instrumentos tradicionais.

De novo con materiais reciclados, elaboraremos diferentes instrumentos relacionados co folclore galego (tambores, pandeiros, bombos...). Aproveitaremos esta actividade para irille introducindo algún aspecto dos mesmos e tamén para amosarlles como se poden aproveitar cousas que normalmente se botan ó lixo. Rematamos este obradoiro cunha pequena merenda todos xuntos.

10) Festa do día das Letras Galegas.

Unha vez máis dende a ANPA colaboraremos coa festa organizada polo centro levando un grupo de música tradicional galega, os integrantes amosarán ós alumnos os diferentes instrumentos e tamén as vestimentas tradicionais.

Os nenos terán a oportunidade de acompañalos facendo uso dos instrumentos que eles mesmos elaboraron no obradoiro, transformando a festa nunha auténtica romaría galega. Farase tamén unha merenda cos produtos típicos destes festexos.

11) Obradoiro de papel reciclado.

Como colofón das actividades da reciclaxe deste curso académico, nada mellor que ser quen de elaborar por si mesmo unha folla de papel utilizando o que xa non é de utilidade.

Con esta tarefa o obxectivo é que saquen unha idea clara da reciclaxe vendo dun modo "caseiro" a forma na que poden contribuír a xerar menos refugallos a par que evitar a tala innecesaria de árbores. Ó facer eles mesmos o papel pretendemos que valoren máis o papel reciclado que o normal cando teñan opción de decantarse por unha ou outra opción. E para finalizar este día teremos unha pequena merenda.

12) Excursión de Fin de curso a Kirikonatura.

Pensamos en Kirikonatura como a saída idónea para que os alumnos pasen un día perfecto acompañado das familias nun entorno único e que á vez poidan verse inmersos no mundo da agricultura e gandería galega sendo eles os protagonistas por unha xesta.

Kirikonatura é unha granxa-escola situada en Fornelo de montes (Pontevedra) que pretende acercar ós seus visitantes á natureza dun modo activo a través das súas 11 hectáreas onde dispoñen de horto, invernadoiros, cortes, aviario e tamén a posibilidade de perderse polos camiños dun monte típico da ribeira e o seu acceso directo ó encoro do río Eiras.

13) Visita a Ecogranxa de Xanceda.

Aprenderemos o que é a agricultura ecolóxica vendo como funciona unha granxa ecolóxica cunha visita guiada ás súas instalacións e participando no taller de iogures e cavas de queixo.

14) Saída a un parque Eólico.

Para seguir co tema das enerxías renovábeis que se viña traballando no curso anterior, organizaremos unha visita guiada a un dos parques eólicos da comarca, onde os nenos recibirán unhas nocións da enerxía eólica e das súas vantaxes fronte a outras alternativas menos sostíbeis.

15) Obradoiro de decoración e disfraces de Samaín.

Como xa ven sendo tradición, mentres os pais elaboramos os disfraces para a festa de Samaín que se celebrará na escola, os nenos prepararán nun obradoiro diferentes adornos para a decoración do cole, unha vez máis, utilizando materiais reciclados. E rematamos a tarde cunha pequena merenda para repoñer forzas.

16)Decoración de Samaín.

As familias e os nenos deixaremos o cole preparado para a celebración do Samaín utilizando os adornos que os pequenos prepararon previamente no obradoiro anterior.

17)Contacontos “Apalpador” Anxo Moure.

Actividade que nos permitirá acercar ós nenos á figura tradicional do apalpador, á súa localización xeográfica e ó entorno no que se sitúa para darlles a coñecer a diversidade que este representa.

18)Obradoiro de decoración de Nadal.

O Nadal é unha das festas que máis emocións desperta nos nosos cativos, e é por iso que ano tras ano seguimos mantendo a actividade do obradoiro para a elaboración de diferentes elementos decorativos que se utilizarán unha vez máis para engalanar a nosa fermosa escola e cunha pequena merenda que nos axudará a repoñer forzas.

19)Festa de Nadal.

Coa colaboración do Concello e xunto cas outras ANPAS do pobo levaremos a cabo unha festa de Nadal onde os nenos terán diferentes talleres para a elaboración de postais ou adornos navideños, así como xogos populares e inflábeis mentres disfrutan dunha merenda na compañía das súas familias.

2. Obxectivos que se perseguen.

O obxectivo principal desta ANPA segue sendo o de representar a pais e nais na comunidade educativa actuando como nexo de unión entre as familias e o centro, asumindo un papel activo na educación dos nenos.

Todas as actividades e accións promovidas pola ANPA “O Areal” teñen como finalidade ampliar o coñecemento dos nenos sobre o entorno que os rodea e sobre sí mesmos para acadar un correcto desenrolo das súas capacidades.

A conciliación familiar e laboral é o eixe fundamental sobre o que se organiza o horario destas actividades para facilitar a tarefa ás familias que así o precisen.

3. Calendario das actividades.

22/02/19- Charla URBASER.

23/02/19- Obradoiro de decoración para o Entroido.
01/03/19- Festa de Entroido.
15/03/19- Saída o cine.
24/03/19- Visita ós muíños de Ponte Goiáns.
30/03/19 – Conta contos: Raquel Queizás.
06/04/19- Visita á granxa APIPOLIS
27/04/19- O tesouro da reciclaxe.
04/05/19- Obradoiro de instrumentos tradicionais.
16/05/19- Festa do día das Letras Galegas.
01/06/19- Obradoiro de papel reciclado.
16/06/2019- Excursión de Fin de curso a Kirikonatura.
29/09/19- Visita a Ecogranxa de Xanceda.
05/10/19- Saída a un parque Eólico.
19/10/19- Obradoiro de decoración e disfraces de Samaín.
23/10/19- Decoración de Samaín.
17/11/19- Contacontos “Apalpador” Anxo Moure.
09/12/19- Obradoiro de decoración de Nadal.
15/12/19- Festa de Nadal.

4. Colectivos e persoas destinatarias.

Nenos cursando educación infantil no centro EEI Fernández Varela e as súas familias.

5. Descrición do labor de colaboración da entidade solicitante con outras entidades sociais e culturais no desenvolvemento das actividades para as que se solicita subvención.
(Indicarse como se concreta a colaboración en cada caso)

Colaboración na organización das festas de Entroido e Nadal coas ANPAs dos colexios de primaria “ANPA Bandaseca” e “ANPA Cadreche”.

6. Explicación da natureza e impacto sociocultural das actividades (número de persoas asistentes ou participantes, traballo con colectivos de especial interese social, etc).

1º proxecto: Coñecendo o noso entorno:

A visita á granxa Apípolis, a excursión de fin de curso a Kirikonatura e a visita á eco granxa de Xanceda, foron pensadas para amosarlle ós nosos nenos a gran riqueza

ambiental que temos cerca á vez que, froito desta interacción, logremos que se favoreza un maior desenvolvemento das súas capacidades.

O resto de actividades, aínda que orientadas principalmente a outros dos proxectos, veñen a completar este coñecemento do entorno. Coas saídas ós Muíños de Goiáns ou ó parque eólico, cos conta contos, co cine e mesmo cas celebracións tradicionais favorecemos o contacto dos nenos co medio, a cultura e a tradición que se pretenden unir como un TODO, onde elaborando estes contactos positivos se poidan despertar neles as ganas de aprender e de explorar, converténdose algún día en adultos capaces de respectar e coidar o noso dun modo eficiente e sostíbel; pois só dende o coñecemento se poden chegar a acadar estas determinacións.

2º proxecto: Coidando o noso entorno:

Este proxecto vai íntimamente ligado ó anterior porque non concebimos un sen o outro. Como víñamos dicindo, para respectar o noso entorno primeiro hai que coñecelo para así querelo e para despertar esas ganas de mantelo vivo e en perfectas condicións.

Hai varias actividades que se buscaron especificamente para traballar cos nenos aspectos que, aínda que xa se levan a cabo nos fogares e na escola, consideramos que se teñen que globalizar e ver como unha filosofía de vida. Ca reciclaxe e a búsqueda de enerxías renovábeis xa fai anos que se ven concienciando á poboación de que son necesarias, pero hoxe en día temos que transmitirle ós nenos que así é a única forma de facelo ben.

Comezando ca charla que Urbaser ofrece no cole comezan a tomar contacto con conceptos como “reciclaxe”, “sostíbel” ou “medio ambiente” e a relacionalo co que veñen facendo no día a día de maneira natural.

As saídas ós muiños, ós eólicos, a búsqueda do tesouro da reciclaxe ou as actividades máis culturais como a do cine ou o libro sobre a reciclaxe pretenden motivalos e conciencialos de que é posíbel obter un mundo sostíbel e que está nas súas mans.

Disfrutando do noso.

Aínda que os proxectos centrais deste ano son o coñecemento e o coidado do entorno entendemos que hai que seguir mantendo este proxecto fiando dunha ou doutra maneira co resto dos que traballemos pois, como adultos, é a nosa tarefa transmitirle as nosas costumes e tradicións ós máis pequenos para que, dende o disfrute, as sigan mantendo vivas e sexan parte da súa identidade.

Os talleres de instrumentos tradicionais, a romaría das festas galegas, as celebracións de Entroido e Samaín así como o Nadal son aspectos da educación que os axuda a medrar querendo o noso.

A estimación de asistentes pode ser variable en cada actividade ou taller, aínda que o numero de socios é de 41 familias e son 43 nenos.

7. Estratexias e ferramentas de difusión das actividades e de creación de públicos, se fora o caso

Publicación nas redes sociais a través do perfil de Facebook “ANPA Fernández Varela”.

Impresión e distribución de trípticos ás familias do centro.

Taboleiro de novas no centro.

8. Elementos innovadores presentes na metodoloxía, nos contidos ou nos recursos utilizados.

Para incluír o alugueiro do local da entidade como gasto subvencionable:

Relacionar un mínimo de **20 actividades** anuais que se van desenvolver no local da entidade (exclúense do cómputo as de natureza interna como reunións da directiva, asembleas de socios/as, ensaios, etc.)